

ALL THE VERMEERS IN NEW YORK

1204

Jon Jost, 1990

ESTREA EN NUMAX: 02.11.2023 | V.O.S.E.

O corredor financeiro Gordon achégase a Anna, unha actriz francesa, na sala de Vermeer dunha galería de Nova York. Porén, o romance non resulta.



ALL THE VERMEERS IN NEW YORK

Jon Jost, 1990

EUROPA
CINEMAS
Creative Europe MEDIA

Ver, pensar e admirar

Por Roger Ebert

Unha muller detense ante un cadro de Vermeer e olla para el con atención; semella a piques de desaparecer nel. Un home obsérvaa. Séguela dunha sala a outra do museo. Logo volven ao punto de partida. É unha persecución silenciosa e sutil, algo así como a longa secuencia final de *Vestida para matar* (1981) de Brian de Palma, pero non é un thriller, é un estraño e introspectivo xogo do gato e o rato de Jon Jost cuxo *All the Vermeers in New York* é o tipo de filmes que primeiro ves, logo pensas e pensas e finalmente te decatadas de que o admiras.

O home achégase á muller. É moi educado. Non pode evitar observar que ela parece sacada dun cadro de Vermeer. Gustaríalle volver vela. Ela está de acordo.

Vemos algo da súa vida. Ela é francesa, vive con outras dúas mulleres, comparte cunha das súas compañeiras de cuarto a molestia de que a terceira ensaia ópera todo o día. Imposible pensar con tanto ruído. Confabúlanse contra ela.

O home traballa na sala de operacións dunha gran compañía financeira. Algúns días van ben. Outros van mal. Ten unha forma lacónica, plana e irónica de falar por teléfono, especialmente cando consulta cos seus clientes se se queren retirar de malas inversións.

Coñece a moza e a súa compañeira de cuarto. Falan. Queda a soas con ela noutra cita e el empeza a sentir que a cousa pode funcionar. Ela non pensa igual. Ela pídelle diñeiro para o aluguer que el lle entrega no momento. O que segue despois non o pode revelar, só pode dicir que é azaroso e tolo, pero non máis que a vida real.

O filme recórdanos que a meirande parte das obras de ficción teñen un rango de acción moi limitado porque só permiten aos personaxes facer máis ou menos o que se agarda deles. Cando remato *All the Vermeers in New York* fíco no meu asento porque non tiña a sensación de que o filme acabase. No meu reloxo interior o filme precisaba outros 30 minutos para concluír. Pero detívose antes. Ao principio sentoume mal pero logo superei a frustración e puíden ver o que quería facer Jost. O filme conclúe, pero non cos tres actos convencionais que Hollywood nos ensinou a agardar.

O filme ten lugar no mundo das galerías de arte, os lofts e os compañeiros de cuarto de Manhattan que loitan por vivir nun mundo rico sen ter un can. Tamén ten lugar no mundo das ideas. *O corredor de bolsa* (Stephen Lack) non está namorado da muller que ten diante senón da idea que ten dela. E ámaa porque ama aínda máis a Vermeer. A moza (Emmanuelle Chaullet, actriz de *L'Ami de mon amie*, de Éric Rohmer, 1987) está tan centrada na súa vida que apenas sente nin padece.

Jon Jost leva a facer cinema desde 1974 comezando no colectivo pacifista Newsreel. Só vin algún dos seus filmes que poden considerarse propios dun cineasta “underground” se é que ese termo ten sentido a día de hoxe. Pero este filme, fermosamente fotografado e actuado cunha gracia serena sitúase nalgún lugar entre as “non comedias” de Woody Allen e Éric Rohmer. Se *All the Vermeers in New York* fose realizada en francés teríame parecido máis lóxico. É raro encontrar un filme tan intelixente en inglés.